

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 27 DE MARZO DE 2014.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)

D^a Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)

D^a María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)

D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)

D^a María Jesús Penela Mato (PP)

D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)

D. José Luis Espiño Espantoso (PP)

D^a Marta López Arines (PP)

D. Luis Juan Arceo López (PP)

D. Manuel Asorey Suárez (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e catro minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

1º.- Aprobación inicial, se procede, da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de Silleda.

Procede o secretario á lectura do dictame que é o seguinte:

A Comisión Informativa de benestar social, en sesión ordinaria celebrada o 20 de marzo de 2014, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA.

Procede o secretario á lectura da proposta da Alcaldía que é a seguinte:

A exposición de motivos do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias en función do seu custe establece na súa exposición de motivos que dende a perspectiva práctica da prestación do servizo e atención ás persoas en situación de dependencia, unicamente estaba dirixido a persoas maiores e persoas con discapacidade, sen ter en conta a existencia de casos de dependencia que non poden encadrarse en ningún deles e que se atopan nunca situación de vacío asistencial. En consecuencia, segundo a exposición de motivos é preciso configurar unha carteira que defina os servizos sociais de promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia de modo amplo e centrándose na especialización, por colectivos de dependencia (verbi gratia alzhéimer, parálise cerebral ou trastorno do espectro autista), colectivos que veñen definidos no artigo 5.3 do mencionado Decreto.

Ademáis modifícanse os artigos 14.2 (regulan as actividades complementarias) o 59 e o 61.Tres (referente á capacidade económica e cofinanciamento) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento. Tamén se modifican os artigos 22.2, 47.4, 47.5, 49.4 e 49.5 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Redactado o proxecto da Ordenanza Reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda co obxectivo de adaptarse á normativa é polo que propoño á Comisión Informativa de Benestar Social, dictamine en sentido favorable o proxecto de Ordenanza e eleve ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espazo de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Cuarto.- Publicación: Dacordo co disposto no artigo 70.2 as Ordenanzas, publicaránse no BOP e non entrarán en vigor ata os vinte días seguintes aos da súa publicación e en todo caso ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 RBRL, iste prazo é de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular o requirimento

de anulación da Ordenanza, contados a partires do seguinte a aquel en que sexa remitida en cumprimento do disposto no artigo 56 da LRBRL (seis días para a remisión mais quince días para o requerimento-artigos 196.3 e 215.2 do ROF).

Quinto.- Remitir a Ordenanza á Xunta de Galicia a efectos do seu visado.

Rematada a lectura ábrese unha primeira quenda de intervencións:

Sr. Espiño Espantoso: Dí que están dacordo se o obxectivo é adaptarse á normativa.

O Sr. Rodríguez da Torre pregunta sobre a participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento e se a porcentaxe do 40% da capacidade económica que ven contemplada no artigo 18.3 da Ordenanza ven contemplada na normativa autonómica ao que se lle contesta por parte do secretario e da concelleira de servizos sociais que sí. Asimesmo pregunta sobre o prazo de alta no servizo que ven establecido nunha semana e en caso e urxencia en 2 días e se ese prazo se pode modificar, ademáis pregunta se hai outros prazos noutros concellos. O secretario contesta que se non se fixase prazo na Ordenanza rexe o previsto na Lei 30/1992 que é de 3 meses. A Concelleira de Servizos Sociais Sra. García Troitiño intervén para dicir que o prazo sinalado no artigo 13 da Ordenanza dunha semana poderíase ampliar pero que cré que é un prazo razoable e beneficioso para os usuarios e que descoñece se outros concellos teñen ditintos prazos e remata dicindo que esta modificación faise para adaptar a normativa local á autonómica.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada por unanimidade. En consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta da Alcaldía de aprobación inicial da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de silleda."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen manifesta a súa conformidade á proposta que é de adaptación á normativa, que había algunha lagoa en referencia a certos colectivos que agora quedan regulados.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen pregunta á concelleira de servizos sociais se fixeron a consulta que solicitou na comisión informativa.

Contesta a Sra. García Troitiño quen dí que fixo a consulta a Lalín e Vila de Cruces e que teñen o mesmo período de resolución porque levan o mesmo borrador que foi confeccionado pola Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación este é apreciado por unanimidade, en consecuencia queda aprobada inicialmente a *ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de Silleda nos seguintes términos:*

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en

todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, **dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente**, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Silleda, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Silleda.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Silleda.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
- b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
 - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
 - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - III. Preparación dos alimentos.

- IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- V. Apoio á unidade familiar.
- VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.
- e. Servizo de podoloxía.
- f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.



2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das

actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- a. A renuncia da persoa usuaria.
- b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- c. Falecemento da persoa usuaria.
- d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- e. A falta reiterada de pagamento do servizo.
- f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Silleda ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Silleda, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza.
 - c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Silleda e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.
 - d. Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.
- En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Silleda, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrència, segundo o seguinte procedemento:
 - a. Presentación da solicitude, segundo o Anexo IV desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
 - III. Certificado de convivencia.
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
 - V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.

2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo Anexo I.

c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no Anexo III desta ordenanza.

f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.



3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no Anexo III desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o Anexo II desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.



Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao	Grao I	Grao II	Grao III

IPREM) Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do

servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Silleda, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 23º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA



Esta ordenanza deroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOPPO nº 27, 10 de febreiro de 2014, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir dos 20 días da súa publicación no BOPPO.

Os anexos son os que figuran no borrador da Ordenanza.

2º.- Aprobación, se procede, do convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

Procede o secretario á lectura do dictame que é o seguinte:

A comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia, en sesión ordinaria celebrada o 20 de marzo de 2014, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.

Procede o secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

Visto borrador do convenio para fixar as liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento da promoción turística entre distintos concellos

Visto o informe de secretaría é polo que proponho á Comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia emita dictame sobre a seguinte proposta que require de maioría absoluta:

Primeiro.- Adherirse ao convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concello da área de Santiago, encomendando a xestión material da promoción turística conxunta á sociedade pública municipal "Información e Comunicación Local S.A." (Turismo de Santiago de Compostela).

Segundo.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo.

Ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Sr. Espiño Espantoso: Dí que está dacordo.

Sr. Rodríguez da Torre: Dí que o espírito está claro e que o que se procura é a operatividade, prosegue dicindo que vota en falla documentación anexa como é norma xurídica fundacional. Asimesmo quere facer fincapé en que debe quedar

claro que a xestión desta competencia é municipal e pregunta porqué o Concello de Teo non figura entre os Concellos que se van a adherir e porqué figura o Concello de Lalín cando físicamente está excluída das terras de Compostela e do Ulla.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai unha comisión mixta que será quen decida as cuestións principias, que se solicitará o documento fundacional da sociedade pública municipal e con respecto á presenza do concello de Lalín dí que se decidiu que cantos máis concellos mellor e que haberá outros que se irán incorporando.

O Sr. Rodríguez da Torre dí que os orzamentos deben voltar ao concello para ser validados quedando claro que o convenio establece a competencia plenaria para aprobar anualmente os orzamentos.

Sometida a proposta a votación esta é ditaminada favorablemente por unanimidade. En consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta de aprobación do convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da Área de Santiago.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que iniciativas coma estas fan aforrar custes, que se instrumentaliza mediante unha encomenda de xestión e que o vai levar unha empresa xa creada polo que van votar a favor, non obstante dí que quere saber a que se vai a destinar a aportación municipal e o montante do orzamento.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre que dí que o asociacionismo para o sector turístico dos concello é totalmente necesaria xa que non se pode facer unha estratexia turística illada, que ista cuestión se comezou fai pouco máis dun ano e a idea era unir as terras de Compostela e Ulla para que os concellos máis pequenos aproveitasen o reclamo de Santiago como capital de Galiza e patrimonio da humanidade. Que igual o forma non é a máis axeitada e que o concello debería participar no accionariado, ter unha participación activa e dar conta das actuacións e distribución das cantidades ao pleno. Que se deixa claro que a competencia segue a ser municipal xa que o que se mancomuna é a difusión entre todos, circunstancia que nos beneficia en feiras internacionais, algo que xa debiera ter feito a mancomunidade do Deza. Dí que él non lle ten animadversión ao concello de Lalín é máis ten boa relación profesional e persoal co concelleiro de turismo dese municipio pero que Lalín non debería estar por criterios xeográficos e que se entrou foi por presións do Alcalde de Lalín ao de Santiago de Compostela. Remata dicindo que como dixo o Alcalde se cantos máis mellor que vaia Burela tamén.

Intervén o Sr. Alcalde, en relación coa dúbida do PP dí que o orzamento é un orzamento inicial e que despois os orzamentos levaranse ao Pleno cando se reuna o órgano colexiado. Que cando dixo cantos máis mellor foron os outros Alcaldes os que o dixeron e que non é o mesmo Lalín que un concello de Zamora e que por exemplo a Silleda interesaríalle que esté Lalín pola festa do cocido por exemplificar. Remata dicindo que está encantado que se aprobe por unanimidade, que coída que vai ser un éxito e que actualmente xa se están a producir records históricos nas visitas a Carboeiro.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que mas cláusulas do convenio se establece que o ámbito territorial pode ser ampliado.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí en referencia á intervención do voceiro do PP que claro que o pon, pero que se está a distorsinar e que o convenio naceu cuns obxectivos e que a xestión xeográfica é fundamental.

Sometida a proposta a votación esta é apreciada por unanimidade, en consecuencia o pleno acorda aprobar o convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago nos termos expresados na proposta.

3º.- Moción do BNG sobre a presentación de candidatura de representación municipal polo Concello de Silleda no GDR "Terras do Deza".

Procede o secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

"A comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia, en sesión ordinaria celebrada o 20 de marzo de 2014, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA DE REPRESENTACIÓN MUNICIPAL POLO CONCELLO DE SILLEDA NO GDR "TERRAS DO DEZA".

Intervén o secretario dicindo que se puxo en contacto co GDR "TERRAS DO DEZA", por si era necesario nomear a un suplente tal e como sinalan os seus estatutos ao que se lle contestou que non era necesario, que valía só co titular, pero que en caso de ausencia do mesmo non asistiría membro algún para representar ao concello.

A moción da que non se deu lectura é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO EN SESIÓN PLENARIA A SEGUINTE MOCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA DE REPRESENTACIÓN MUNICIPAL POLO CONCELLO DE SILLEDA NO GDR "TERRAS DE DEZA"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O GDR "Terras de Deza" é un ente de financiación pública con investimentos de orzamentos europeos para tentar o aproveitamento de proxectos produtivos e non produtivos que melloren e beneficien ,a grandes trazos, a Comarca de Deza desde un punto de vista socio-económico.

É coñecido que as diversas institucións, colectivos e dinamizadores que o constúen teñen representates no GDR Por este motivo o Concello de Silleda ao comezo desta lexislatura, como noutras precedentes, nomeou en sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2011 un só representante para o órgano citado, recaendo a responsabilidade en Paula Fernández Pena. E presentou unha proposta de

modificación de representante no GDR á sesión plenaria do pasado 30 de xaneiro de 2014, a cal non saiu elixida, non deixando tampouco opción para a votación por parte da Presidencia á presentación dunha pro posta alternativa que presentaba ao Concelleiro do BNG na Corporación. Por este motivo o Concello ficou sen representación no GDR até a vindeira sesión plenaria ordinaria, onde se ten de novo a posibilidade de realizar novas propostas.

O Bloque Nacionalista Galego en Silleda volve a presentar o seu Concelleiro e Portavoz Municipal, Matías Rodríguez da Torre, para a representación no GDR, xa que tal como reflicte o informe da secretaría xeral do Concello utilizado para a anterior sesión plenaria, "enténdese que a designación de membros en órganos colexiados debe ser adoptada polo pleno". E en todo caso, o argumento da presentación dun titular e un suplente para a validez da presentación e escolla da candidatura, nunca foi utilizado neste Concel/o, pois unicamente se escollía un só representante, polo que debe seguir prevalecendo, pois non hai ningún impedimento legal que non o permita.

Constiúe esta a postura do BNG, aínda que tamén se entende desde o noso grupo, que aínda presentado un só candidato, sempre se pode facer valer a opción de que sexa o propio Alcalde-Presidente da Corporación quen substitúa o candidato presentado aquí polo BNG, no caso de vacante ou incomparecencia xustificada.

O BNG decide presentar a candidatura referida polos seguintes motivos fundamentais:

- 1.- O BNG ten demostrado que coñece e ten colaborado no desenvolvemento este tipo de traballo entre os dinamizadores para proxectos produtivos e non produtivos, e proba disto son os numerosos proxectos avalados pala Agader que existen neste Concello.
- 2.- Aínda sabendo dos actuais condicionantes económicos, o GDR precisa un pulo no seu funcionamento e na presentación de novos proxectos, á parte dunha alteración importante no xeito de funcionar e de repercutir directamente no beneficio de iniciativas para o Concello de Silleda, as cales nunca foron propostas, e en todo o caso, nunca atendidas nin estimadas.
- 3.- A candidatura que se presenta considérase axeitada por tratarse dun candidato con ampla experiencia no mundo asociativo, no da administración e xestión pública e no traballo de "responsabilidade social, política e cooperativa, o que se antolla moi necesario para a representación do Concello de Silleda no GDR.

A seguir relátase o carácter fundacional do GDR:

Unha Asociación de Desenvolvemento Rural Terras do Deza é unha asociación que carece de ánimo de lucro, polo que os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados/as nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

E terá como ámbito de actuación preferente o dos concs nos de Agolada, Dozón, Laíín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra, sen prexuízo de



que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

E tamén se lembran as súas finalidades e obxectivos:

A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar o seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos/as, ás mulleres, á protección do ambiente e á creación de emprego.
- b) Sensibilizar as administracións locais, autonómica e estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto no ámbito nacional coma internacional, centrándose este labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos, e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral.
- d) Posibilitar entre os/as asociados/as e outros/as interesados/as o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar a poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitirle a poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

Para acadar estes fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a frear o éxodo rural, así como a fomentar a creación de emprego.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, así como editar, no seu caso, todo

tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente divulgativo.

d) Solicitar ante caíquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.

e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acedar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación.

f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.

g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesaria.

h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.

i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.

j) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.

k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores.

Por todos os motivos expostos o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Elixir ao Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego como representante do Concello de Silleda no GDR "Terras de Deza".

Sometida a moción a votación e cos votos a favor do Sr. Rodríguez da Torre (1), as abstencións dos Sres Espiño Espantoso, Penela Mato e Asorey Suárez (3) e os votos en contra dos Sres. Cuíña Fernández, García Troitiño, Brey Montaña (3) ditamínase desfavorablemente a moción do BNG sobre a presentación de candidatura de representación municipal polo Concello de Silleda no GDR "TERRAS DO DEZA".

Ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Sr. Rodríguez da Torre, expón a súa candidatura e os motivos que foron lidos polo secretario.

Sr. Espiño Espantoso dí que ven ben a pluralidade e que lles gustaría darlle unha oportunidade ao BNG pero que non é un voto en branco.

Sr. Alcalde: Dí que se fixo a consulta ao GDR sobre o suplente, pero que él non vai suplir ao concelleiro do BNG xa que está nas antípodas con respecto a el de ahí que se o suplira seguramente diría o contrario do que o concelleiro do BNG votara. Dí que o BNG cando están non queren estar e onde non están si queren estar.

Ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Sr. Rodríguez da Torre, dí que o outro día debeuse votar a súa proposta alternativa xa que era legal, que pasou o mellor intre do GDR e Silleda non levou nada, que igual se necesitan voces críticas e alternativas, que ten experiencia no mundo asociativo e que igualmente podería coincidir en algo co Alcalde e que él ten tanto dereito a se propoñer candidato como calquera, que neutros concellos como o da Estrada hai concelleiros da oposición que están en consellos educativos.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que esperarán a ver a actuación do BNG.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle desexa moita sorte e que votarán a favor se como suplente vai o voceiro do PP.

O Sr. Rodríguez da Torre dí que manteñen a súa proposta pero o Alcalde solicitar presentar unha emenda a citada anteriormente que como suplente se nomee ao voceiro do PP e pregúntaselle ao secretario se se pode presentar. O secretario contesta que segundo o ROM non se poden presentar emendas unha vez comezado o pleno pero que xa se permitiron noutras ocasións e entende que o proposto pode renunciar á proposta no prazo de 3 días tal e como sinala o ROF.

Sométese a emenda a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 6, membros do PSdeG-PSOE
Abstencións: 1, grupo mixto
Votos en contra 6: Membros do PP.

Obténdose un empate procédese a unha segunda votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, membros do PSdeG-PSOE
Abstencións: 1, grupo mixto
Votos en contra 6: Membros do PP.

Co voto de calidade do Alcalde queda incorporada a emenda á proposta de acordo.

Sometida a votación á proposta xa emendada esta é apreciada por unanimidade (13), en consecuencia queda aprobada a Moción do BNG sobre a presentación de candidatura de representación municipal polo Concello de Silleda no GDR "Terras do Deza" coa seguinte redacción:

- 1.- Elexir ao Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego como representante do Concello de Silleda no GDR "Terras de Deza".
- 2.- Que o suplente sexa o voceiro do grupo municipal do Partido Popular.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO.

4º.- MOCIÓNS

4.1.- Moción do BNG por un 8 de marzo pola derogación das leis contra as mulleres

Procede o Sr. Rodríguez da Torre á lectura da moción na súa parte dispositiva que literalmente é o seguinte:

“Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, acreditado no Concello Silleda, presenta a seguinte **MOCIÓN POR UN 8 DE MARZO POLA DERROGACIÓN DAS IEIS CONTRA AS MULLERES**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A 8. de marzo non pode converterse nunha data de celebracións rituais e hipócritas, baleiras de contidos, en papeis mollados e fotos para a galería. O 8 de marzo, agora máis que nunca, é unha data en que tamén as institucións deben mostrar con clareza o seu compromiso co avance no recoñecemento dos dereitos das mulleres e de denuncia da involución que se está a producir en todos os ámbitos. E, pois, unha data importante para facer balance dos logros realizados polas mulleres para conseguiren a igualdade plena. A crise económica e os veloces cambios financeiros colleu as mulleres consolidando precariamente a súa entrada no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas mulleres loitaban polo recoñecemento nas institucións e proclamaban leis de igualdade, aínda que nunca esquecían que as tarefas do coidado seguían nas súas mans. Cansadas da tripla xomada viron como a cadea de coidado se desprazaba ás mulleres dos países pobres que, poñéndolle rostro feminino á inmigración, viñan facerse cargo de nenos/as e vellos/as. Nos seus países de orixe ficaban as súas nais coidando dos seus fillos e agardando os cartos para alimentaren toda a familia extensa.

Os discursos neoliberais actuais necesitan inocular un valor patriarcal como é o da ficticia protección da maternidade. Non o dereito a maternidade das mulleres nunha sociedade igualitaria, senón a protección da xestación dun ser carente de dereitos e, por tanto, necesitado de titorización. Esta ideoloxía acha un caldo de cultivo ideal nunha situación de desemprego xeneralizado. Os valores tradicionais da familia patriarcal están agochados nunha boa parte da sociedade e só cómpre sacalos a flote. A linguaxe do traballo escaso e a necesidade de que as mulleres continúen a facer as tarefas de coidado nun momento de recortes dos servizos públicos están presentes continuamente.

Esta incorporación das mulleres ao mercado laboral conseguiu, aínda que de forma precaria, unha autonomía persoal importante para estas. Non obstante, o traballo remunerado das mulleres tamén iluminou unha esfera opaca da vida, a referida ao coidado. O problema da conciliación da vida laboral e familiar entrou na axenda pública e só tivo unha abordaxe satisfactoria naqueles países que apostaron polos servizos públicos e a corresponsabilidade cos homes.

O goberno galego con Sr. Feijóo á cabeza decidiu eliminar a corresponsabilidade do seu ámbito de actuación, reducir os orzamentos en políticas de conciliación e adoptar medidas falsamente natalistas, como a aprobación da Lei de apoio á Familia e a Lei de apoio a muller embarazada.

Estas leis non avanza no recoñecemento dos dereitos das mulleres nin no fomento da corresponsabilidade. Como tampouco o fixeron o Plan de apoio á muller embarazada 2012-2014

desenvolvido pola secretaria xeral de Igualdade ou o Plan de demografía de Galiza desenvolvido pola Consellaría de Traballo e Benestar. Poía contra, significan un retroceso nas políticas de igualdade dos últimos anos e un paso atrás importante na escasa concienciación sobre o usos dos tempos acadada até este momento. De feito, como exemplo deste marco ideolóxico contrario aos dereitos das mulleres podemos sinalar a publicación da *Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade* por parte da Secretaría xeral de Igualdade. En primeiro lugar, sorprende que este tipo de publicacións procuren o seu espazo nunha Secretaría de Igualdade -que debería velar pola transversalidade de xénero-. En segundo lugar, omitir a paternidade é un claro nesgo ideolóxico do sexismo da normativa en materia de xestación que este goberno mantén, sostendo a idea de seren fillos e fillas as unha cuestión feminina.

En terceiro lugar, a guía recolle as entidades sen ánimo de lucro con programas de apoio as mulleres xestantes de Galiza. En concreto 16 programas dos cales 11 son xestionados por ordes relixiosas e/ou grupos contrarios ao dereito ao aborto entre os que destacan *Congregación Hijas del Divino Cielo, Congregación relixiosa Siervas de la Pasión-Hogar Santa Isabel, Betanía de Jesús Nazareno, HH.TIFF. Rebaño de María, Red Madre Pontevedra, Red Madre Ourense, Red Madre Coruña, Caritas Diocesana* ou Asociación de axuda á vida AYUVI. Estas entidades contrarias aos dereitos en igualdade das mulleres foron e son potenciadas desde o goberno de Feijóo baixo o discurso de apoio á maternidade ao mesmo tempo que se fan máis restritivos os requisitos da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2013, que se intaura o repago dos comedores escolares, que se limita o horario das escalas infantís públicas, que se amortizan as prazas de matrona, que non se substitúen os/as pediatras, que se elimina a gratuidade dos libros de texto ...

Como podemos comprobar tantos as leis antes enunciadas como os plans e accións que emanaron destas eran un adianto da ideoloxía que o PP plasmaría posteriormente no Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada que realmente o que fai é penalizar as mulleres que exerzan o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Derrogar os seguintes textos legislativos por non dotaren de servizos nin recursos as mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por suporen un retroceso de décadas na igualdade:

- **Lei de apoio a muller embarazada .**
- . **Lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia**

2. Mostrar o seu total rexitamento co Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e dar tralado deste ao goberno do Estado exixindo a súa total retirada.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que a lei de apoio á muller embarazada saíu co apoio do P, que no ano 2012 a Xunta de Galicia aprobou un plan de apoio á muller e que o bipartito concedeu subvencións a estas asociacións que cita na exposición de motivos co que non están dacordo coa moción.

Intervén Sr. Alcalde dicindo que no anterior pleno dixo o concelleiro do BNG nunha moción que estaba dacordo pero que non era necesaria traela e agora tráena, pois eu sigo dicindo o mesmo cantas máis mellor.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre que non discute entidades como cáritas ou mans unidas pero sí cando se trata de asociacións antiabortistas que o que fan é denigrar á muller. Con respecto á intervención do Alcalde dí que non é o mesmo traer unha lei contra o aborto senón aproveitar o día 8 de marzo.

Sometida a moción a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor 7: Membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e grupo mixto
Votos en contra 6: Membros do grupo municipal do PP.

En consecuencia queda aprobada a moción do BNG por un 8 de marzo pola derogación das leis contra as mulleres nos termos en que foi presentada.

4.2.- Moción da Alcaldía para reclamar a habilitación de axudas para realizar traballos de reposición dos danos causados pola vaga de temporais.

A moción é a seguinte:

MOCIÓN DE ALCALDÍA PARA RECLAMAR A HABILITACIÓN DE AXUDAS PARA REALIZAR TRABALLOS DE REPOSICIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE TEMPORAIS

Manuel Cuiña Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Silleda (Pontevedra), presenta ao Pleno da Corporación municipal de Silleda, en atención ás demandas do sindicato Unións Agrarias, para o seu debate e aprobación, se procede a seguinte **MOCIÓN DE ALCALDÍA:**

Exposición de motivos

Dende o pasado 23 de decembro todo norte peninsular vén sufrindo os gravísimos efectos das inclemencias meteorolóxicas, en forma de intensos temporais e cicloxénesis explosivas que de forma consecutiva están a asolar, no caso da Comunidade galega a numerosas localidades, tanto costeiras coma do interior.

No caso do municipio de Silleda, a vaga de temporais que se ven producindo dende decembro está a ter unha gran incidencia no rural, con graves e importantes danos tanto en infraestruturas viarias, como en bens municipais e propiedades privadas. Os veciños e veciñas do rural, e nomeadamente os titulares de explotacións



agropecuarias, tamén se están a ver desbordados polos efectos dos temporais, con importantes perdas económicas e danos nas súas colleitas.

Dende sindicatos coma Unións Agrarias xa se está a traballar na cuantificación destes danos, co corremento de terras, pola grave incidencia das choivas e os consecuentes anegamentos, como unha das grandes preocupacións. A afección ás colleitas tardías ou a imposibilidade de acceder ás fincas, completamente anegadas, para aplicar fertilizantes, ou as perdas nos silos, son outros dos aspectos que máis preocupan aos nosos gandeiros e agricultores.

Así mesmo, tampouco se pode esquecer os danos e desperfectos causados palas fortes rachas de vento en distintas edificacións. No municipio de Silleda rexistráronse varios casos de danos en tellados de explotacións de leite, avícolas, así como outros, que provocaron a queima de motores utilizados en distintas instalacións agrarias. Entre as incidencias figuran tamén desperfectos considerables en varios invernadoiros.

En canto ás vías municipais, con materiais de menor calidade que outras de titularidade autonómica ou provincial, as enchentes provocaron socavóns e escorregamentos graves que deixaron en moitos casos accesos completamente intransitables, afectando a numerosos veciños e usuarios.

Aos danos na rede viaria municipal hai que sumar os que se produciron ao longo das últimas semanas en distintas instalacións e edificios municipais. Así, ademais dos rexistrados en instalacións deportivas, coma a carpa do recinto da Petanca da Bandeira, a afección á cuberta do pavillón municipal de deportes "César González Fares" de Silleda; ou o anegamento do campo de fútbol de Agro Novo en Laro, inutilizado por mor da cantidade de auga acumulada; hai que sumar outros coma os rexistrados no auditorio Manuel Dopazo, onde se veñen rexistrando xa problemas durante os últimos anos con importantes e preocupantes filtracións de auga.

A falta de cuantificar os danos, as primeiras estimacións apuntan a un desembolso importante para afrontar os arranxos necesarios.

Así, e á vista da grande cantidade de incidencias, e da imposibilidade de que a Administración Local asuma estas reparacións imprevisibles, no caso por exemplo dos danos en vías propónse ao pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte **ACORDO**:

-Solicitar á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, como órgano competente, que reclame ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a habilitación dunha liña de axudas para afrontar os danos derivados da vaga de temporais, que permitan tanto aos veciños/as, agricultores/as, gandeiros/as como ao Concello de Silleda, contar con apoio económico necesario para levar a cabo as oportunas reparacións."

Intervén o Sr. Alcalde que dende o concello se habilitou unha oficina e unha persoa para xestionar as axudas, que se recolleron 12 peticións e que o concello está cun informe para cando saia o Real Decreto que regule as axudas poder reclamalas. Dí que actualmente os danos valóranse nuns 500.000,00 euros (cita pistas, pabillóns, campo de petanca...).

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que están dacordo co fondo da moción, pero que solicitan quede o asunto en riba da mesa e que se especifique se os danos son por causa do temporal ou polo mal mantemento.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen pregunta sobre a regulación das axudas e cando está previsto que cheguen.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o goberno do estado sacou un RD pero non sacou a orde que as regula, que a deputación sacou un plan. Con respecto ao PP este informe de danos todavía está pendente de aprobarse pola XGL e que se facilitará ao pleno.

Intervén Sr. Espiño Espantoso quen dí que o mantemento é nulo e que queren saber o que é do temporal e o que non.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que está en contra de que o asunto quede enriba da mesa como pide o PP, outra cousa é que se complete o informe, que non ten o mesmo custe amañar unha pista en castela que en Galicia e que bachear só vale para as eleccións.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle da a razón ao PP polo escaso crédito orzamentario que hai para amañar pistas, concretamente 60.000,00 euros, pero que teñen que atender a outras débedas e condenas por sentenzas xudiciais.

Sometida a moción a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor 7: Membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e grupo mixto
Votos en contra 6: Membros do grupo municipal do PP.

En consecuencia queda aprobada a moción da Alcaldía para reclamar a habilitación de axudas para realizar traballos de reposición dos danos causados pola vaga de temporais nos termos en que foi presentada.

4.3.- Moción do BNG na defensa do traballo na fundación semana verde e pola continuidade na xestión pública do recinto da feira internacional de galiza.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que nunca houbo unha aposta clara, que fai dous anos e medio houbo os primeiros despedimentos e que o Sr. Alfonso Rueda dixo que cando el entrara se solucionarí, que eles daquela xa fixeran pública a súa protesta, que se votara a favor do ERE e que o BNG dixo que sempre estaría cos traballadores e que agora 2 anos e medio despois se atopan co nomeamento dun director que quere liquidar a fundación e que sen negociación previa decide despedir a 7 traballadores. Remata dando lectura á parte dispositiva, enfatizando o punto 3º xa que entende que teñen a potestade de declarar ao vicepresidente da Xunta de Galicia como persoa non grata en Silleda.

A moción é a seguinte:

Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego acreditado no Concello de Silleda, presenta para o seu debate e acordo en sesión plenaria a seguinte **MOCIÓN NA DEFENSA DO TRABALLO NA**

FUNDACIÓN SEMANA VERDE E POLA CONTINUIDADE NA XESTIÓN PÚBLICA DO RECINTO DA FEIRA INTERNACIONAL DE GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O BNG ten reiterado en numerosas ocasións o apoio incondicional aos traballadores e traballadoras da Fundación e especial interese en que o Recinto Feiral de Galiza tivese futuro non só desde o punto de vista agro-gandeiro e sectorial no medio rural, senón que tamén este fose un Recinto que pola súa ubicación e características deba ser aproveitado para diversificar máis sectores desde o punto de vista de desenvolver mercados feirais e de negocio que o dotasen dunha actividade diversa, a cal repercutise e beneficiase de xeito directo a todos os Concellos da nosa zona, tanto desde o punto de vista da oferta dun maior servizo, como no impacto económico e social que puidese producir a cuantitativa e cualitativa actividade que na Feira tivese lugar.

O Recinto Feiral de Galiza en Silleda foi inaugurado no ano 1996 con obxectivos que en parte tencionaban isto, mais na práctica non se forneceu o suficiente esta Fundación na aposta por parte da Administración Pública - cunha grande maioría no Padroado rector: Xunta, Deputación, Concello de Silleda, que conxuntamente coa Asociación Feiral, matriz social e popular do proxecto feiral en Silleda, completaban un Padroado público- pola actividade necesaria para as súas características, na celebración de máis certames, á parte do anual Semana Verde con 36 edicións, e outros de carácter sectorial, que acompañaban a celebración da Lonxa Agropecuaria de Galiza, hoxe Central, a cal ten lugar todos os martes e é referente en todo o Estado, e no desenvolvemento de maior actividade para acadar maior produtividade.

Esta deriva levou a que en pouco máis de dous anos se realizasen 16 despedimentos, os 7 últimos en datas moi recentes e sen previa negociación, tal como debe esixírselle á administración pública, non se presentase un plan de viabilidade serio que volva apostar polo Recinto como un espazo no que se centralice o mercado feiral e, por tanto, existan serieas dúbidas sobre o seu horizonte e a súa posíbel privatización e perda de control e investimento público no mesmo ou o seu posíbel desmantelamento.

É polo exposto que o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- O respaldo do Concello de Silleda ás e os traballadoras e traballadores da Fundación Semana Verde de Galiza e a aposta polo mantemento da xestión pública deste Recinto da Feira Internacional de Galiza en Silleda, cuxa dimensión e interese que supera a comarcal e a do País para se converter nunha referencia tamén internacional.

2.- A asunción de responsabilidades políticas dos xestores da Fundación Semana Verde, comezando polo seu Presidente, representante máximo da Xunta de Galiza no mesmo, e o seu director xeral e proceder a dar as explicacións oportunas nos órganos de decisión do Padroado para analizar e debater a situación actual da FIG. Demandando deles a decisión de lonxe de desmantelar progresivamente o Recinto

Feiral, dean garantías da súa viabilidade e impulsen nel desde as Administracións políticas de xestión carácter público, implementando os recursos para aumentar a súa capacidade socio-económica e repercusión no noso Concello e na nosa zona.

3.- Que Alfonso Rueda, Presidente do Padroado da Fundación Semana Verde de Galiza, sexa nomeado pola corporación municipal do Concello de Silleda "persoa non grata", ao consideralo a el o auténtico e máximo responsábel dos 16 despedimentos que se teñen producido en pouco máis de dous anos na Fundación e non impulsar políticas públicas de desenvolvemento económico para estabilidade e continuidade deste modelo de xestión do Recinto da Feira internacional de Galiza, o que acabou por atentar contra os intereses laborais dos traballadores e económicos e sociais dos silledenses, da comarca do Deza e de Galiza enteira."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que todos os grupos están en defensa dos traballadores e da Semana Verde, que cré que o compromiso do Sr. Rueda é público e que recoñeceu que non se ía a pechar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a exalcaldesa votou no seu día pola continuidade da Semana Verde e que houbo un ERE negociado, que lles gustaría votar a favor pero que non o poden facer se mantén o punto 3º pero que están totalmente dacordo cos outros dous puntos.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que discrepa en que todos os grupos están a favor dos 2 primeiros puntos, que o BNG o que fixo foi impulsar e convocar unha xuntanza cos colectivos sociais e coas organizacións políticas e que se convidou aos traballadores e que se propuxo a creación dunha plataforma pero que non a manipularon. En referencia ao voto fai dous anos e medio dílle ao Alcalde que tiñan que haber votado en contra ou polo menos absterse. En relación co punto 3º dí que se pode nomear a unha persoa como non grata porque non está a dicir a verdade e iso é actuar de mala fe.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que a moción vai demasiado lonxe.

Sometida a moción a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor 1: Membro do grupo mixto

Votos en contra 12: Membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP.

En consecuencia queda rexeitada a moción do BNG na defensa do traballo na fundación semana verde e pola continuidade na xestión pública do recinto da feira internacional de galiza nos termos en que foi presentada.

4.4.- Moción do BNG contra o desmantelamento do 065 do servizo galego de transporte adaptado

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen da lectura á parte dispositiva e engade que falou con algún empresario que estaba a prestar este servizo e que lle din que se está a desmantelar.

A moción é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DATORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO EN SESIÓN PLENARIA A SEGUINTE MOCIÓN CONTRA O DESMANTELAMENTO DO 065 DO SERVIZO GALEGO DE TRANSPORTE ADAPTADO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo Galego de Transporte Adaptado (065), que atende as persoas con discapacidade e dependentes, foi instaurado por iniciativa do BNG no goberno bipartito da Xunta de Galiza e constituíu o primeiro transporte adaptado público de todo o Estado español.

A partir do acceso do PP ao goberno da Xunta de Galiza, este servizo básico, bautizado como Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) comezou a sufrir un deterioro constante que ten a súa culminación na decisión da Xunta de deixar de prestar o servizo para o traslado diario ou semanal das persoas dependentes aos centros onde van ser atendidas nas súas terapias.

Este feito, xustificado polo PP con base nunha pretendida racionalización e eficacia, tradúcese simplemente no desmantelamento do servizo do 065, para non atender o desprazamento regular de persoas dependentes nin para garantir a mobilidade das persoas con maiores dificultades. En cambio, non teñen reparo en crear para o Consorcio de Benestar un transporte propio para as persoas usuarias dos seus centros.

Isto é outro paso na eliminación dos programas e servizos de dependencia e benestar que sufrirán novamente as persoas máis débiles, neste caso as que teñen maiores dificultades para se trasladaren e poder recibir atención como consecuencia do seu estado.

Por este motivo o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Paralizar o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado do 065.
2. Garantir o desprazamento regular das persoas dependentes e a mobilidade das persoas con maiores dificultades."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso que dí que eles opinan o contrario, que o que se trata é de regularizar o servizo, que o adaptado vai ser gratuito e que o non adaptado non.

Intervén o Sr. Alcalde anunciando o seu apoio á moción.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que vaise manter pero con menos.

Sometida a moción a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor 7: Membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e grupo mixto

Votos en contra 6: Membros do grupo municipal do PP.

En consecuencia queda aprobada a moción do BNG contra o desmantelamento do 065 do servizo galego de transporte adaptado nos termos en que foi presentada.

4.5.- Moción do BNG sobre a reforma local e provincial

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen expón que esta lei o que pretende é darlle vida ás deputacións e insistir nesa rede clientelar, que en troques de apostar polos servizos públicos de calidade financiando aos concellos segue un camiño distinto cando o lóxico e eficaz sería eliminar as deputacións. Procede á lectura da parte dispositiva da moción que literalmente é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO EN SESIÓN PLENARIA A SEGUINTE **MOCIÓN SOBRE A REFORMA LOCAL E PROVINCIAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución de 1978 asumiu o modelo de organización territorial e institucional dos entes locais que fora deseñado desde o primeiro terzo do século XIX. Tanto nas súas orixes como na súa evolución posterior, a organización territorial local responde en gran medida a unha visión fondamente centralista do exercicio do poder, que é incompatíbel cun sistema institucional baseado na descentralización e repartición competencial entre o Estado español e as comunidades autónomas, dotadas con autonomía política e administrativa.

A paulatina consolidación do novo esquema de organización territorial con base nas comunidades autónomas constituídas obviou o debate sobre a utilidade da organización provincial e da Deputación como a súa institución representativa na maior parte do territorio do Estado español, desde a perspectiva da súa función política, da súa racionalidade e eficacia administrativa, así como da súa adecuación á realidade de cada territorio.

O desenvolvemento legal do réxime xurídico local consolidou un modelo provincial practicamente uniforme, que, no caso da Galiza, dificilmente tivo e ten encaixe coas institucións galegas, e mesmo, en moitas ocasións, implicou duplicidades e ineficiencias na actuación administrativa.

A persistencia do modelo provincial, nas actuais circunstancias de restrición de recursos económicos para atender políticas sociais básicas, tamén incide negativamente nunha utilización máis racional dos recursos públicos, pois obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na cidadanía, á vez que os concellos, como administracións máis próximas e responsábeis á hora de atenderen directamente os servizos básicos locais, afrontan cada vez máis dificultades económicas para sostelos.

A reforma local aprobada recentemente reforza ese modelo centralista e provincialista, asentando as deputacións como apéndices executores das políticas deseñadas desde o Goberno central, xa que no canto de acometer a revisión a fondo do modelo destas institucións provinciais, atribúelles máis competencias,

para consolidar unha organización administrativa homoxénea en todo o Estado español. Oeste xeito, vólvese a impedir definitivamente que desde Galiza se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa institucional local galego propio.

A reforma local tamén supón un paso máis a hora de homologar a acción política no eido local e supeditala ao goberno central de quenda, xa que anula a capacidade política dos concellos para implantaren políticas autónomas, ao restrinxirlles capacidade sobre moitos ámbitos de interese local, ao impor modelos de xestión privatizada de servizos locais a través das deputacións. Abocáos, en definitiva, a seren simples prolongacións executoras de políticas planificadas desde o Goberno central, no canto de seren axentes políticos con plena capacidade, e consonte a alternativa política e programática elixida pola veciñanza, nos asuntos de interese local.

Nestes momentos, cómpre oporse á reforma local, pois supón mesmo unha involución da autonomía local que se recollía na Constitución, aínda sendo ese modelo constitucional debedor dun modelo centralista que foi robustecido, poia vía regular na lexislación básica e sectorial, límites cada vez máis exiguos ás políticas propias dos concellos.

Alén diso, é tamén necesario abordar un proceso máis estratéxico, que implique a reforma constitucional do modelo de organización territorial provincial, ao ser a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que obter un aforro estrutural de gasto público con carácter improdutivo. Só desta maneira poderemos dotar de maior financiamento e recursos económicos os concellos, como institucións máis próximas á cidadanía e auténticas entidades representantes do interese local.

A través da presente moción preténdese, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2013, dadas as consecuencias inmediatas que vai a ter, e por outra banda, comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local, a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar así, definitivamente, a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico, para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal do Concello de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte o disposto nos artigos 75 bis da Lei orgánica do 2/1979, do 3 outubro, do Tribunal Constitucional.

2. Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

1. As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.

2. Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.”.

Intervén o Sr.Espiño Espantoso dicindo que esta lei foi creada para actualizar a LRBRL para evitar duplicidade de competencias, dotar de eficiencia aos servizos. Remata dicindo que se redactou coa aportación da FEGAMP e que non se desmantelen as deputacións.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que está dacordo ao cento por cento cos alcaldes cos que trata e que os do PP dí que o ministro está tolo, e que está dacordo en que desaparezan as deputacións.

Intervén o Sr.Rodríguez da Torre quen dí que a lei penaliza aos concellos de menos de 20,000 habitantes, que se da servizos ás deputacións para que os privaticen e os adjudiquen a grandes empresas e que a deputación é un niño de caciques e un órgano non democrático, que era mellor potencias as comarcas.

Sometida a moción a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor 7: Membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e grupo mixto
Votos en contra 6: Membros do grupo municipal do PP.

En consecuencia queda aprobada a moción do BNG sobre a reforma local e provincial nos termos en que foi presentada.

4.6.- Moción do BNG sobre proposición de lei da Confederación Intersindical Galega, por iniciativa legislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que esta iniciativa legislativa se basea en 10 medidas que se inclinan pola economía produtiva do noso país, cita entre outras moitas unha banca pública, I+D+I ou gravar ás grandes fortunas, que cré que o concello debería adherirse xa que este é un país rico que está empobrecido.

O texto da moción é o seguinte:

Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego acreditado no Concello de Silleda, presente a o debate e aprobación en Pleno, a seguinte **moción sobre proposición de lei da Confederación Intersindical Galega, por iniciativa legislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza**

Exposición de motivos:

Desde o inicio da crise, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos intereses nacionais de Galiza, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e

periférico do noso país. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, con máis de cen medidas para a creación de emprego en Galiza. Na súa exposición de motivos da proposición de lei (a cal se pode consultar integramente no sitio web <http://www.galizacig.com> sinala o seguinte:

As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. Através doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía.

É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola DE e o FMI, por non favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquejas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade lexislativa en materia

de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da VE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola DE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuíndo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Caliza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

Por todos estes motivos, O BNG en nome da CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

Acordo:

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.”

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que isto debe discutirse no parlamento e non no concello, que chama a atención que sexa a CIG que non é quen máis aporta e sí a primeira que se levanta das mesas de negociación. Remata dicindo que non comparte esa idea de sobería nacional.

Intervén a Sra. Peón Iglesias quen dí que analizou esas medidas, comenta que na áreade servizos públicos xa existe política, que non se indican as medidas forestais, que no eido do traballo bota en falla que non se potencia aos maiores de 55 anos e que non se fala de formación, comenta a fiscalidade ou a política industrial. Conclúe que non dan pautas, nin que van facer e que algunhas medidas so irrealis e obsoetas.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre, dín que non se trata dunha loita sindical, que presentan unha iniciativa para que chegue ao parlamento de Galicia, que o que se trata é de facer unha reforma lexislativa, que a soberanía nacional para galiza é a capacidade de decisión dun pobo, que se miran as balanzas fiscais xa se vería.

Intervén a Sra. Peón Iglesias quen pregunta en que xeito cambiarían a lei, que a iniciativa ten un tono independentista, que o PSOE prokra mancomunar esforzos con todo o estado español. Anuncia o seu voto en sentido negativo.

Sometida a moción a votación obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: 1, grupo mixto

Votos en contra 12, membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP.

En consecuencia queda rexeitada a moción do BNG sobre a proposición de lei da Confederación Intersical Galega, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza.

4.7.- Moción do BNG polo dereito a unha vivenda digna, alugueiro social,paralización dos desafiuzamentos e impulso dunha lei galega de vivenda.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que o que se pretende é recoñecer o espírito daILP e procede á lectura da parte dispositiva da moción que é a seguinte:

“MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO PLENARIO A SEGUINTE **MOCIÓN POLO DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA, ALUGUEIRO SOCIAL, PARALIZACIÓN DOS DESAFIUZAMENTOS E IMPULSO DUNHA LEI GALEGA DE VIVENDA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e a carencia de leis que defendan o dereito constitucional das persoas a unha vivenda digna están a provocar miles de desafiuzamentos que constitúen un drama social sen precedentes.

A ausencia de controis públicos permitiulle á banca a concesión abusiva de créditos hipotecarios e moitas persoas afectadas pola crise viron como a voracidade bancaria embargou as súas vivendas e, por riba, continuarán a lle deber ao banco, porque entregar a vivenda -coa lexislación hipotecaria vixente que consolida os privilexios da banca- non supón eliminar a débeda. Cómpre lembrar que o sector financeiro recibiu miles de millóns de diñeiro público para sanear a súa nefasta xestión, entre elas as consecuencias das súas aventuras na construción, que a burbulla inmobiliaria foi un dos factores da crise, e que goza de total permisividade pola ausencia de leis que impidan as execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras.

A función social da vivenda e o dereito a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a considera un simple ben de consumo suxeito ás leis do mercado, negando o dereito fundamental a un teito que acolla as persoas e permita que se desenvolvan socialmente. Por iso calquera desafiuzamento é simplemente unha agresión.

Os poderes públicos converten en papel mollado a Declaración Universal de Dereitos Humanos ou o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, que recoñecen, entre outros, o dereito de toda persoa a unha vivenda, e mesmo o artigo 47 da Constitución de 1978 establece o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada.

Nestes días pasados, as galegas e os galegos, a través dunha Iniciativa Lexislativa Popular referendada por miles de sinaturas e promovida polas Asociación de Afectados polas Hipotecas, están a demandar do Parlamento de Galiza a aprobación dunha proposición de lei que contribúa a garantir na Galiza o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna e adecuada, fomentar o acceso universal a unha vivenda habitábel e a paralizar todos os desafiuzamentos no noso país, favorecendo o alugueiro social e impulsando unha lei galega de Vivenda que promova o uso das vivendas baleiras ou deshabitadas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Apoiar e asinar a Iniciativa Lexislativa Popular a prol de garantir na Galiza o dereito fundamental a unha vivenda digna e da protección dos colectivos sociais máis vulnerábeis, que aborde:

1. A paralización dos desafiuzamentos, así como favorecer o alugueiro social.

2. A creación dun parque galego para a xestión de vivendas baleiras e a posta en marcha dunha axencia pública de alugueiro.

3. A expropiación das vivendas a bancos, filiais inmobiliarias e outras persoas xurídicas que posúan as vivendas das persoas físicas que estean en proceso de execución ou embargadas por mor dunha situación sobrevida derivada da fonda crise económica.

4. 1. A paralización inmediata dos desafiuzamentos e do establecemento opcional da dación en pagamento.
2. Colaborar na recollida de sinaturas de apoio a esta Iniciativa Lexislativa Popular.
3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que están acordo co fondo pero que crén que van demasiado lonxe coa expropiación de vivendas aos bancos.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando a conformidade coa moción.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que a promoción da vivenda ten que ser pública e que a metade das vivendas están baleiras.

Sometida a moción a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 7: Membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e grupo mixto.
Abstencións 6: Membros do grupo municipal do PP.

En consecuencia queda aprobada a moción do BNG polo dereito a unha vivenda digna, alugueiro social, paralización dos desafiuzamentos e impuso duna lei galega de vivenda nos termos en que foi presentada.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo desexa someter pola vía de urxencia algún asunto que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas.

O PSdeG-PSOE solicita presentar unha para solicitar o indulto de dous sidicalistas e xustifica a urxencia en que se lles pide agora e que xa se fixo na deputación e no parlamento de Galiza.

Vótase a urxencia a cal é apreciada por maioría absoluta e unanimidade (13), en consecuencia queda incluída na orde do día.

4.8.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar ao goberno central o indulto para Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez.

Intervén o Sr. Brey Montaña quen explica a moción.

O Texto da Moción é o seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

KLAUS BREY MONTAÑA, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO CENTRAL O INDULTO A CARLOS RIVAS MARTÍNEZ E SERAFÍN RODRÍGUEZ PARA O SEU DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN NO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

O Xulgado do Penal número 1 de Vigo condenou a dous sindicalistas vigueses, Carlos Rivas Martínez, delegado de UGT, e Serafín Rodríguez Martínez, delegado da CIG, a tres anos de prisión por participar nun piquete durante unha folga realizada no ano 2008, para esixir un convenio de transporte de mercancías digno.

Todos os sindicatos solicitaron o pasado mes de xaneiro na Subdelegación do goberno que estes dous compañeiros foran indultados. Ao longo dos últimos meses estes dous representantes dos traballadores están a recibir numerosas mostras de solidariedade, con declaración institucionais por parte de distintas Administracións públicas e o apoio expreso de numerosos cidadáns que saíron á rúa para amosar o seu rexeitamento á resolución xudicial. Así mesmo, a propia Fiscalía está a estudar a petición de indulto para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez.

Noutras sentencias por motivos similares foron absoltos os traballadores e traballadoras, aínda que no caso destas dúas persoas a xuíza considerounos culpables dun delito contra os dereitos dos traballadores, tipificado no artigo 315.3 do Código Penal, e condenounos á pena máxima de tres anos de prisión.

Ademais, as denuncias cursadas non foron presentadas por ningún traballador/a nin tampouco empresario.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación de Silleda a adoción do seguinte **ACORDO**:

-Solicitar ao Consello de Ministros do Goberno de España que conceda o indulto para Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez Martínez."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que descoñecen os feitos e que non poden opinar.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que nesa folga tocoulle traballar como piquete informativo e nos servizos mínimos e que estas dúas persoas non fixeron nada máis grave que outros e que na deputación adoptouse o acordo cun texto practicamente idéntico e que no parlamento de Galicia tamén se aprobou cun texto algo distinto.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que hai unha persecución contra a mobilización social.

Sometida a moción a votación esta é aprobada por unanimidade, en consecuencia queda aprobada a moción nos termos en que foi presentada.

5.- Dar conta das resolucións da alcaldía dos meses de Janeiro e febreiro de 2014.

O pleno dase pr enterado.

6.- Rogos e Preguntas.

PP

Intervén o Sr. Espiño Espantoso.

Pregunta se se poden acender as luces na rúa Esmorga. Dí o Alcalde que é un ds sitios nos que sufriron sabotaxe e roubaron o cableado.

Pregunta pregunta que en chousiño a rúa enteira está apagada. Dí o Alcalde que é todo un cadro, que o primeiro día sufriron unha sabotaxe e o 2º día unha avaría grave. Dí o Sr. Rodríguez Vázquez que onte aínda non estaba subsanado o problema.

Dí que hai queixas en Refoxos, que está cheo de baches e só se tapou un no medio. Contesta o Sr. Brey Montaña quen dí que que houbo unha actuación en tres puntos, que atenderon ás queixas dos veciños e que non poden votar formigón en toda a rúa.

Pregunta como está o tema das subvencións coas bandas de música. Dí o Alcalde que negocian entre elas e que o hoxe fixaron unha xuntanza para explicar o estado.

BNG

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre

Pregunta en que estado se atopa o servizo de recollida de lixo e a posibilidade de levar os residuos á planta de Lousame.

Dí o Alcalde que cedo estará.

Pregunta sobre unha obra en María Colmeiro que hai un valado inseguro e que hai queixas dos veciños. Dí o Alcalde que non é certo, que non cumpre a ordenanza pero que é máis seguro do que estaba.

Pregunta sobre un valo na rúa de Pontevedra, dí o Alcalde que se están a dar os pasos que marca a legislación, que se fixo a inspección técnica e que está pendiente de informe de urbanismo.

Pregunta se existe descoordinación no alumeadado público. Contesta o Sr. Rodríguez Vázquez que non.

Pregunta se teñen feita unha valoración do aforro de R. Dí o Alcalde que agora non o ten pero que funciona moi mal.

Pregunta se se vai a sacar concurso para o arquitecto. Dí o Alcalde que se resolverá, que é por falla de tempo.

Pregunta sobre as autorizacións de uso de locais a asociacións e que non lle disgusta pero que os baixos foron entregados sen documentación e que o concello debería responsabilizarse disto. Dí o Alcalde que os teleclubs deben estar para ser utilizados e que se interesará por eses trámites.

Pregunta sobre os investimentos. Contesta o Alcalde que están co campo de fútbol, que na residencia están como estaban, que o están a intentar con vicepresidencia xa sexa residencia ou centro de día.

Da conta das queixas que lle trasladan os veciños polas bolsas de lixo que aparecen nas papeleiras e que se vixie por parte da policía local. Di o Alcalde que llo transmitirá á policía local.

Pregunta sobre unhas alegacións que fixo Celta Prix por un amaño de vehículo. Contesta o secretario como instructor que foi do expediente que o concello recoñece a responsabilidade patrimonial e que se fará unha actuación de repetición contra Celta Prix.

E sen máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as 23 horas, de todo o cal dou fe.

O ALCALDE



O SECRETARIO XERAL

